

DEPARTAMENTOS DE ARBITRAXE DE COMBATE E TÉCNICA

REGULAMENTO RECOMPENSAS EQUIPO ARBITRAL

**FEDERACION
GALEGA DE
TAEKWONDO**

27 de abril de 2021

1. O presente regulamento pretende incentivar a asistencia aos eventos deportivos, celebrados a nivel autonómico, por parte do equipo arbitral da FGT, cunha serie de recompensas para premiar tanto a asistencia, como o interese en concorrer.
2. Tod@s @s árbitr@s e xuíces deberán estar RECICLAD@S E COLEXIAD@S para poder optar á recompensa.
3. @s colexiad@s agruparanse por categorías segundo a súa titulación, é dicir, haberá unha clasificación para os nacionais, outra para os autonómicos e outra para os cronos e xuíces de mesa.
4. @s colexiados que teñan dobre titulación, pero con diferente categoría, é dicir, un/ha autonómico nunha modalidade e nacional na outra, computarán por separado, pero optando á recompensa na categoría máis beneficiosa para el/a.
5. Se un/ha árbitr@ cambia de categoría, por exemplo, de autonómico a nacional, traspasaranse a totalidade dos puntos á nova titulación.
6. O número de colexiados a premiar será de 2 nacionais, 2 autonómicos e 1 crono ou mesa.
7. Dependendo do evento e o tipo de participación que desempeñen, otorgaráselle unha serie de puntos. A dirección de arbitraje resérvase o dereito de concederlle máis puntos a algún campionato determinado polas súas circunstancias especiais (cptos. sen remuneración, con habitual baixa participación por parte d@s colexiad@s, etc.), previo aviso a todo o equipo arbitral coa suficiente antelación para que @s árbitr@s e xuíces teñan marxe de planificar a súa asistencia.

	Evento Autonómico
Convocado Oficial	5
Voluntari@	1

6. Enténdese como “Convocad@ Oficial” aquel/a que se anotou voluntariamente para asistir e aparece reflectid@ na convocatoria oficial. “Voluntari@” interpretarase como aquel/a que, anotándose libremente, o/a director/a de Arbitraxo non pensou conveniente que asista. Non se contabilizará ningún punto se a decisión de non asistencia foi tomada por parte do/a colexiad@.
7. A asistencia a un campionato sen estar colexiad@ ou reciclado suporá que non se sumará ningún punto aos acumulados nese momento.
8. A non asistencia SEN PREVIO AVISO a un campionato no que o/a árbitr@ se anotase voluntariamente e fose convocad@ pola Dirección de Arbitraxo, penalizarase coa resta de 10 puntos dos acumulados nese momento.
9. Aqueles/as que nos cursos de arbitraxo obteñan a mellor puntuación conseguirán 3 puntos. Poderán sumarse tantas veces como se obteña a mellor nota do curso. Existirán 4 mellores notas; unha no grupo de reciclaxe, outra no grupo de nacionais de nova formación, unha terceira para os que suban á categoría autonómica e outra para os cronos e xuíces de mesa.
10. A asistencia ao reciclaxe anual obrigatorio non levará suma de puntos, salvo que se obteña a mellor nota no exame, pero sumarase 1 punto por asistir ao outro curso de reciclaxe que se celebra ao longo da tempada, podendo sumarse ademais os 3 puntos da mellor nota se se obtén.
11. Publicarase o ranking despois de cada campionato para que cada persoa poida saber en qué posto se atopa en cada momento.
12. Unha vez finalizada a tempada, publicarase un ranking provisional para poder atender a calquera tipo de reclamación sobre a puntuación concedida a cada árbitr@. Tras un período de sete días naturais publicarase as puntuacións definitivas. As puntuacións converteranse en porcentaxes, de acordo co número de puntos posibles e puntos obtidos (unha persoa que teña 80 puntos posibles e conseguira os 80, tería unha porcentaxe do 100%). Destas últimas obterase unha escala para determinar que colexia@s son @s gratificad@s, segundo o número de participantes no ranking e presuposto da FGT, sempre diferenciando por categorías.

13. A gratificación variará cada tempada e será diferente para cada categoría, dependendo do presuposto da FGT, puidendo ser económica (como o pago parcial ou total da colexiación), ou en especie (parka, dobok, ou calquera outro tipo de artigo que a Federación poida costear). Calquera suxestión a este respecto será ben recibida i estudiada a fondo.
14. No caso de empate nas puntuacións máis altas, a Dirección de Arbitraxe reservase o dereito de decidir o método de desempate, en base aos criterios que consideren adecuados a cada caso.
15. Cada tempada comezarase a contar partindo de CERO, coincidindo co inicio da tempada para @s deportistas.
16. O regulamento se irá actualizando en función dos erros que se poidan atopar a medida que se poña en funcionamento, facéndose público cada vez que se realice algún cambio.

FEDERACIÓN GALEGA
DE TAEKWONDO